

NOTIFICACIÓN

Expediente	2021037940
Asunto	Aprobación do prazo de inscrición do obradoiro “Música sen enrugas”

A concelleira delegada da Área de Benestar Social e Patrimonio Histórico, aprobou no día 02/11/2021, a resolución que transcrita literalmente di:

“A Concellería de Benestar Social organiza o obradoiro "Música sen enrugas: Musicoterapia para maiores" dentro da programación de envellecemento activo dirixido ás persoas de 65 ou máis anos, empadroadas no Concello de Ferrol.

O obxecto desta actividade é favorecer o retraso do deterioro producido pola idade, mediante intervencións terapéuticas concretas, previndo o illamento social dos maiores e aportando, mediante a música un espazo motivador no que manter e activar diversas capacidades cognitivas, físicas e emocionais, que non se ven estimuladas cando fican na casa ou que non son traballadas de non ser especificamente.

O obradoiro terá dúas quendas e só poderán participar 10 persoas en cada unha delas, e levaranse a cabo no Edificio Social e na Casa Solidaria.

As sesións terán lugar os días 16, 23 e 30 de novembro e o 14 de decembro. Cada sesión terá unha duración de hora e media.

O prazo para presentar solicitudes será dende o 3 ao 9 de novembro, ambos os dous días incluídos.

Polo exposto, propóñolle a concelleira Área de Benestar Social e Patrimonio Histórico o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o prazo de inscrición dende o 3 ao 9 de novembro, ambos os dous incluídos.

Segundo.- Aprobar os seguintes requisitos mínimos de selección:

- Ter 65 ou máis anos
- Estar empadroado/a no Concello de Ferrol

Terceiro.- Publicar a presente Resolución e o modelo de inscrición no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal “

Decreto.- Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos.”

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación,

de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Casa do Concello,

O/A secretario/a xeral